

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**3508** *Orde AAA/544/2015, do 30 de marzo, pola que se establecen os coeficientes de repartición que se van utilizar para o cálculo do valor inicial dos dereitos de pagamento básico para realizar a primeira asignación de dereitos na campaña 2015 no caso de que o agricultor declare superficie en máis dunha rexión.*

O artigo 6 do Real decreto 1076/2014, do 30 de decembro, sobre a asignación de dereitos do réxime de pagamento básico da política agrícola común, establece que o réxime de pagamento básico se aplicará en España seguindo un modelo de aplicación nacional baseado en rexións establecidas con base en criterios administrativos, agronómicos, socioeconómicos e de potencial agrario rexional. Pola súa vez, o artigo 7 do citado real decreto dispón que no anexo II da dita norma se determina a definición territorial das rexións baseada no potencial produtivo que presentan, así como na orientación produtiva determinada na campaña 2013 para as superficies declaradas na dita campaña ou no uso reflectido no sistema de identificación xeográfica das parcelas agrícolas (SIXPAC), para as superficies non declaradas na dita campaña. Esta orientación produtiva poderá ser terra de cultivo de secaño, terra de cultivo de regadío, cultivos permanentes e pastos permanentes.

Pola súa banda, o artigo 14.2.b) do Real decreto 1076/2014, do 30 de decembro, establece que no caso en que o agricultor declare superficie en máis dunha rexión, o cálculo do valor unitario inicial de cada un dos dereitos de pagamento básico que se asignen ao dito agricultor en 2015, excluindo as asignacións desde a reserva nacional, realízase mediante unha repartición, con base en criterios obxectivos e non discriminatorios, dos importes percibidos en 2014, conforme o artigo 13.3 do citado real decreto, entre a superficie declarada por cada produtor en cada unha das rexións incluídas na súa solicitude única.

Cómpre, por tanto, establecer os criterios obxectivos e non discriminatorios para realizar a repartición entre rexións dos importes percibidos en 2014. Por iso se propón facer unha repartición en función da superficie declarada en cada rexión en que se ponderen os importes que se lle van asignar en función da súa orientación produtiva, tal e como quede reflectida na capa de referencia que se estableza para o efecto no SIXPAC. Esta ponderación basearase na participación que ten cada orientación produtiva na produción da rama agraria española no período 2011 a 2013. A produción da rama agraria, calculada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente con base na metodoloxía de Eurostat, representa, de maneira obxectiva e non discriminatoria, a achega de cada unha das orientacións produtivas á renda agraria nacional.

Así, para a determinación dos factores establecidos nesta orde ministerial, determinouse o valor da produción da rama agraria en cada unha das orientacións produtivas e, a seguir, dividíronse eses importes entre as hectáreas totais por orientación produtiva declaradas polos agricultores para o efecto de cobramento das axudas directas da PAC no ano 2013. Deste xeito obtivéronse uns valores medios de importes por hectárea e orientación produtiva. Para factorizar eses valores establécese que o cultivo permanente é o valor 1 e calcúlase canto supón cada un dos restantes tipos de orientación produtiva de maneira proporcional a ese valor de referencia. Obtéñense, finalmente, uns factores de ponderación que reflicten que as superficies de regadío son as que máis achegan á produción da rama agraria e, por tanto, teñen un maior coeficiente de ponderación. A seguir está o cultivo permanente, despois o secaño e finalmente os pastos. Trátase dun cálculo obxectivo, baseado en datos estatísticos de 2011 a 2013 e que é non discriminatorio, dado que trata por igual todos os agricultores en función do tipo de superficie que declaren.

Este tratamento obxectivo e non discriminatorio é unha exigencia da regulamentación comunitaria a que se dá cumprimento coa metodoloxía de cálculo proposta.

Esta orde dítase de conformidade coa disposición derradeira primeira 2.a) do Real decreto 1076/2014, do 30 de decembro, pola que se habilita o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para establecer mediante orde os límites obxectivos e non discriminatorios relativos ao proceso de asignación dos dereitos de pagamento básico.

Na tramitación desta orde consultáronse as comunidades autónomas e as entidades máis representativas do sector afectado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo único. Coeficientes de repartición que se van utilizar para o cálculo do valor inicial dos dereitos de pagamento básico.*

Para realizar o cálculo do valor inicial dos dereitos de pagamento básico nos casos establecidos no artigo 14.2 b) do Real decreto 1076/2014, do 30 de decembro, sobre a asignación de dereitos do réxime de pagamento básico da política agrícola común, cando un agricultor declare superficie en máis dunha rexión, asignarase en cada rexión unha parte dos pagamentos totais percibidos en 2014 polo agricultor. Esa repartición realizarase de forma proporcional á superficie declarada en cada rexión, aplicando previamente un factor de ponderación a esas superficies en función da súa orientación produtiva, de acordo co anexo II do dito real decreto. As orientacións produtivas que se utilicen para a ponderación serán aquelas que presentaban as superficies no sistema de identificación xeográfica das parcelas agrícolas (SIXPAC) na campaña de referencia 2013. Os factores de ponderación serán os seguintes:

Orientación produtiva terra de cultivo de secano: 0,568.

Orientación produtiva terra de cultivo de regadío: 1,717.

Orientación cultivo permanente: 1.

Orientación pastos permanentes: 0,376.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de marzo de 2015.—A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.